

Composición de tema histórico. Tema 6, bloque VI.

Os seguintes documentos deben permitirche compoñer unha redacción sobre o seguinte tema: A primeira República (proxecto de constitución federal e cantonalismo).

Doc. 1. Proxecto de Constitución Federal da República española de 17 de xullo de 1873

A NACIÓN ESPAÑOLA, reunida en Cortes Constituíntes, desexando asegurar a liberdade, cumprir a xustiza e realizar o fin humano a que está chamada na civilización, decreta e sanciona o seguinte Código fundamental:

Título Preliminar

Toda persoa atopa asegurados na República, sen que ningún poder teña facultades para cohibilos, nin lei ningunha autoridade para mingualos, todos os dereitos naturais.

1. O dereito á vida, e á seguridade, e á dignidade da vida.
2. O dereito ao libre exercicio do seu pensamento e á libre expresión da súa conciencia.
3. O dereito á difusión das súas ideas por medio do ensino.
4. O dereito de reunión e de asociación pacíficas. (...)

Art. 1.º Compoñen a Nación española os Estados de Andalucía Alta, Andalucía Baixa, Aragón, Asturias, (...)

Os Estados poderán conservar as actuais provincias ou modificalas, segundo as súas necesidades territoriais.

Art. 25. Ninguén impedirá, suspenderá nin disolverá ningunha asociación, cuxos estatutos sexan coñecidos oficiais, e cuxos individuos non contraian obrigacións clandestinas.

Art. 34. O exercicio de todos os cultos é libre en España

Art. 35. Queda separada a Igrexa do Estado.

Art. 36. Queda prohibido á Nación ou ao Estado federal, aos Estados rexionais e aos Municipios subvencionar directa nin indirectamente ningún culto.

Art. 37. As actas de nacemento, de matrimonio e defunción serán rexistradas sempre polas autoridades civís.

Art. 38. Quedan abolidos os títulos de nobreza. (...)

Art. 39. A forma de goberno da Nación española é a República federal.

Art. 42. A soberanía reside en todos os cidadáns, e exercece en representación súa polos organismos políticos da República constituída por medio do sufraxio universal.

Art. 43. Estes organismos son:

O Municipio.

O Estado rexional.

O Estado federal ou Nación. (...)

Art. 45. O poder da Federación divídese en Poder lexislativo, Poder executivo, Poder xudicial e Poder de relación entre estes Poderes.

Art. 49. O Poder de relación será exercido polo Presidente da República

Art. 50. As Cortes compoñeranse de dous Corpos: Congreso e Senado.

Art. 51. O Congreso compoñerase de deputados, debendo haber un por cada 50.000 almas, e sendo todos elixidos por sufraxio universal directo.

Art. 52. Os senadores serán elixidos polas Cortes dos seus respectivos Estados, que enviarán catro por cada Estado, sexa calquera a súa importancia e o número dos seus habitantes.

Art. 65. Os ministros non poderán ser deputados nin senadores, nin asistir ás sesións senón por un mandato especial das Cámaras.

Art. 70. O Senado non ten a iniciativa das leis.

Art. 71. O Poder executivo será exercido polo Consello de Ministros, baixo a dirección dun Presidente, o cal será nomeado polo Presidente da República.

Art. 73. O Tribunal Supremo Federal compoñerase de tres maxistrados por cada Estado da Federación.

Art. 77. No caso de que o Poder lexislativo dea algunha lei contraria á Constitución, o Tribunal Supremo en pleno terá facultade de suspender os efectos desta lei.

Art. 78. Nos litixios entre os Estados entenderá e decidirá o Tribunal Supremo da Federación.

Art. 92. Os Estados teñen completa autonomía económicoadministrativa e toda a autonomía política compatible coa existencia da Nación.

Art. 93. Os Estados teñen a facultade de darse unha Constitución política, que non poderá en ningún caso contradicir á presente Constitución.

Proxecto de Constitución Federal da República española de 17 de xullo de 1873

<http://www.ub.edu/ciudadania/hipertexto/evolucion/textos/ce1873.htm#arriba>

Doc. 2 F. Engels, Os bakuninistas en acción "Memoria sobre o levantamento en España no verán de 1873"

Inmediatamente despois da batalla librada nas rúas de Alcoy, levantáronse os intransixentes en Andalucía. Pi i Margall estaba aínda no Poder e en continuas negociacións cos xefes deste grupo político, para formar con eles un novo ministerio. (...)

En Madrid, as Cortes tardaban moito en desmembrar España; había que tomar cartas no asunto e proclamar en todas partes cantóns soberanos. A actitude que viñeran mantendo ata entón os internacionais (os bakuninistas), de cheo, desde as eleccións, nos manexos dos intransixentes, permitía contar coa súa colaboración; (...) agora se lles deparaba a ocasión de implantar de abaixo arriba, polo menos nunhas cantas cidades, o famoso principio da autonomía. Nin que dicir ten que os obreiros bakuninistas tragáronse o anzol e sacaron as castañas do lume aos intransixentes para logo verse recompensados polos seus aliados, como sempre, con patadas e balas de fusil.

Así sucedeu que, no transcurso de poucos días, toda Andalucía estivo en mans dos intransixentes armados. Sevilla, Málaga, Granada, Cádiz, etc., caeron no seu poder case sen resistencia. Cada cidade declarouse cantón independente e nomeou unha Xunta revolucionaria de goberno. O mesmo fixeron despois Murcia, Cartaxena e Valencia. (...)

Con todo, esta insurrección aínda que iniciada dun modo desatinado, tiña aínda grandes perspectivas de éxito se fose dirixida cun pouco de intelixencia, (...)

Pero, non. O federalismo dos intransixentes e do seu apéndice bakuninista consistía, precisamente, en deixar que cada cidade actuase pola súa conta e declaraba esencial, non a súa cooperación coas outras cidades, senón a súa separación delas, co cal pechaba o paso a toda posibilidade dunha ofensiva xeral. (...)

Namentres, a puñalada trapeira deste levantamento, organizado sen pretexto algún, imposibilitou a Pi i Margall para seguir negociando cos intransixentes. Tivo que dimitir; substituírono no Poder os republicanos puros do tipo de Castelar, burgueses sen disfrazar, cuxo primeiro designio era dar ao traste co movemento obreiro, do que antes se serviron, pero que agora lles estorbaba.

As ordes do xeneral Pavía formouse unha división para mandala contra Andalucía, e outra ás ordes de Martínez Campos para enviala contra Valencia e Cartaxena (...) unha das fortalezas mellor defendidas de España (...) Os 3.000 soldados do Goberno, privados de artillería de sitio, (...) tiveron que limitarse a poñer cerco á cidade polo lado de terra (...) Os sublevados, que, mentres se loitaba en Valencia e Andalucía, só se ocuparon deles mesmos, empezaron a pensar no mundo exterior despois de estar reprimidas as demais sublevacións, cando empezaron a escasearlles a eles o diñeiro e os víveres. (...)

(O) Cantón soberano de Cartaxena limitouse a ameazar con que bombardearía ás demais cidades do litoral marítimo desde Valencia ata Málaga (...) se non traían a bordo dos seus buques os víveres esixidos e unha contribución de guerra en moeda contante e soante.

F. Engels, Os bakuninistas en acción "Memoria sobre o levantamento en España no verán de 1873"

<https://www.marxists.org/espanol/m-e/1870s/1873-bakun.htm>

Doc. 3. Manifesto do poder executivo da República á Nación (09/01/1874), Gaceta de Madrid

Reunidos e consultados os homes de importancia que residen en Madrid e representan dignamente á todos os partidos liberais, aclamaron e recoñeceron ao Xeneral Serrano por Xefe do Poder Executivo. (...)

Mentres rebeldes á Soberanía nacional (...) sigan alzados en armas os carlistas nas provincias do Norte, (...) mentres o pendón anti-nacional siga ergueito en Cartaxena, destruindo a nosa Mariña e sendo escándalo e abominación dos pobos cultos; e mentres nas provincias de Ultramar arda a tea da discordia e persistan fillos ingratos en renegar da nai Patria e en querer desposuíla da fermosa illa, peza e monumento da súa maior gloria, é difícil, é imposible o exercicio de todas as liberdades. Antes é necesario un poder robusto (...)

Co advenemento deste poder non se destrúe a lei fundamental; suspéndese só para que en realidade e en verdade resplandeza e domine, unha vez vencida, como esperamos, a anarquía material e moral que hoxe nos devora.

Os partidos que están no poder fixeron a Revolución de 1868 e a Constitución de 1869, e non condenan nin destrúen a súa propia obra (...)

Non consiste a democracia en destruír nivelando a xerarquía social nada da invencible natureza das cousas; consiste só na igualdade dos dereitos políticos (...)

A nobreza e as clases acomodadas non deben reear da democracia. Menos aínda deben reear os bos católicos e os homes sinceramente relixiosos. (...)

O Presidente do Poder Executivo da República, Francisco Serrano;

O Ministro de Estado Práxedes Mateo Sagasta; O Ministro de Marina; Juan Bautista Topete (...)

Gaceta de Madrid, 9 de xaneiro de 1874

<https://www.boe.es/datos/pdfs/BOE//1874/009/A00069-00070.pdf>